



Informe sobre as alegacións presentadas

Asunto: Informe ás alegacións presentadas
Orzamento: 2025
Nº Total presentadas: 6
Servizo que informa: Director Superior Contable e Orzamentario
Publicación BOPP aprobación inicial: 19/11/2024, nº de Boletín 225
Período de exposición: 20/11/2024 -11/12/2024, ambos inclusive
Data para presentar informe e nova proposta: 13/12/2024
Convocatoria da CI de Orzamentos e Facenda: 13/12/2024
Data da CI de Orzamentos e Facenda: 18/12/2024

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de outubro de 2024, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 23/10/2024, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais puidesen presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 18 de outubro de 2024. O prazo de acceso ao expediente para o seu estudo comezou ás 14,19 horas do día 18/10/2024 (líña 169 do expediente), o prazo de inicio de presentación de emendas quedou fixado o comezou para o día 23/10/2024 e rematou as 13,00 horas do día 31/10/2024.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 31/10/2024 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión Extraordinaria do 7 de novembro de 2024, ditaminou favorablemente a proposta formulada (asinada o 4/11/2024) do Proxecto de Orzamento para o ano 2025, contendo o pronunciamento sobre as emendas presentadas.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro 2024, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 1 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 225 do día 19 de novembro, comezando a súa exposición o día 20, e rematando o prazo da mesma as 24 horas do día 11 de decembro de 2024.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 6 alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2025.

Normativa de aplicación

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, coa modificación incorporada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021.

Réxime legal para a presentación de alegacións e reclamacións ao Orzamento

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 2 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lexitimación

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).

As reclamacións e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Causas sobre as que se pode alegar ou reclamar

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas obxectivas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.P, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

1. Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
2. En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa "esixible", isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.

3. En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 3 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial como consecuencia da estimación de reclamacións abrírase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

Lugar de presentación das alegacións ou reclamacións

En canto á forma de presentación das alegacións, estarase ao previsto no artigo 14 da Lei 39/2015 e o previsto na Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021.

O artigo 7 da Ordenanza de Administración electrónica establece os medios de acceso, establecendo os seguintes canles: a) As oficinas de atención presencial que se determinen, incluídas as oficinas de asistencia en materia de rexistro para facilitar o uso adecuado das canles electrónicas, b) A Sede Electrónica e puntos de acceso electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes. No seu artigo 6 establece como un deber da cidadanía, utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica con respecto das normas de uso para cada procedemento ou servizo.

Nunha aplicación xeral, a presentación de alegacións ou reclamacións, quedan suxeitas a presentación en calquera dos seguintes portais:

- Rexistro web.
- Rexistro de outras administracións.
- Rexistro electrónico do Concello.
- Rexistro presencial, mediante asistencia en materia de rexistro.
- Plataforma de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú).
- Rexistro electrónico da Administración Xeral del Estado.
- Oficina de Rexistro Virtual (ORVE).
- Correo postal.

Calquera reclamación ou alegación non presentada a través dos rexistros ou portais relacionados ou segundo o procedemento regulamentado na Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, non se terá en conta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 4 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Tipificación de inadmisión ou rexeitamento

Aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a aceptación ou rexeitamento.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida.

En calquera dos supostos previstos, o informe detallará en síntese o contido da alegación e xustificará a causa da inadmisión ou se fose o caso, do rexeitamento/desestimación.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

Alegacións presentadas

1ª Alegación presentada polo Coordinador Local de Esquerda Unidad en Vigo, nº de documento de rexistro 240385576. Contén 19 baixas ou eliminacións e 18 aumentos ou de nova creación.

2ª Alegación presentada polo Secretario da sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo, nº de documento de rexistro 240385982.

3ª Alegación presentada pola Presidenta da Entidade sen ánimo de lucro SÁRDOMA VIGO, FC, nº de documento 240386415.

4ª Alegación presentada (5 solicitudes) polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 240387387.

5ª Alegación presentada (13 solicitudes), pola Federación de Asociacións de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE), co número de rexistro do documento 240387379.

6ª Alegación presentada (5 solicitudes) pola Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 240387462

1ª.- Alegación presentada polo Coordinador Local de Esquerda Unidad en Vigo, nº de documento de rexistro 240385576.

A alegación solicita o seguinte:

Cos fundamentos que alega,

Que se minoren dotacións orzamentarias por unha contía de 9.803.200 euros reflectidas en 17 alegacións.

Que se eliminen dúas aplicacións por unha contía de 198.000 euros.

Que se aumente as dotacións en 15 aplicacións por unha contía de 2.592.000 euros.

Que se creen 3 novas aplicacións por unha contía de 7.409.200 euros.

Contía da baixas e anulacións, así como, os aumentos e novas creacións: 10.001.200 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 5 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Lexitimación para presentar a alegación

A lexitimación activa ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de Coordinador Local de Esquerda Unida en Vigo.

Supostos sobre os que se pode alegar ou reclamar ao expediente

En relación coa alegación presentada, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha pretensión de novos empregos cuns recursos que non existen, o que estaría a xerar un desequilibrio orzamentario, tanto en termos xerais como de insuficiencia de recursos correntes para o financiamento de empregos correntes.

As alegacións que presenta o coordinador Local de Esquerda Unida, ademais de non estar nos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL, teñan limitacións non subsanables:

Propón rebaixar a dotación en aplicacións asociadas a contratos en vigor por unha contía de 8.625.000 euros, nos que está o contrato de tratamento do lixo (3.000.000 de euros), programas educativos aulas internacionais (1.000.000 de euros), decoración do nadal (900.000 euros), promoción turística (625.000 euros), bandos e campañas institucionais (1.000.000 de euros)..., limitación que a propia Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público regula aos efectos dos modificados dos contratos, e en varios casos, dado a súa contía e porcentaxe a modificar, estarían suxeitos a ditame do Consello Consultivo (artigo 191.3 da LCSP), así como, estar dentro das porcentaxes que fixa os artigos 203 e seguintes da Lei.

Tamén propón como recursos, diminuír a dotación que se fai para o transporte urbano colectivo (TUC) por un importe de 2.000.000 de euros, cuxa finalidade é a de facer fronte ao custe do uso gratuíto dos usuarios cuxa contía de xubilación e inferior a SMI, así como ás bonificacións que se aplican aos distintos perfís dos usuarios.

Tamén se propón reducir a contía de distintos convenios en vigor, Bandas de música, Reconquista, Diócesis de Tui-Vigo, ACOPOVI...

Dado que non hai recursos para os empregos que se propoñen, non se entra no fondo da alegación, ademais de NON ser unha alegación senón unha emenda.

Tendo en conta que a alegación non se axusta a Dereito por:

- i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL xa explicitados,
- ii) propón diminuír a dotación asociada a varios contratos por 6.625.000 euros, non aplicable sen a tramitación dos preceptivos modificados dos contratos, sempre e cando, estean nos límites porcentuais que establece a LCSP,
- iii), propor diminuír a achega para os usos gratuítos e bonificados do TUC por unha contía de 2.000.000 de euros, sendo esta a previsión técnica de acordo aos usos esperados para o ano 2025,
- iv), propor a minoración de contías sobre convenios que están vixentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 6 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Dende unha análise xurídica, hai unha interpretación das alegacións que é a propia da institución da emenda, posibilidade reservada aos grupos políticos con representación municipal no prazo acordado no calendario de tramitación, no é o caso.

A alegación presentada polo Coordinador Local de Esquerda Unida en Vigo, debe ser INADMITIDA por non axustarse ao previsto no artigo 170.2 do TRLRFL e demais incumprimentos xa relacionados.

A notificación farase a dirección comunicada: RU JENARO DE LA FUENTE 48 7 D, CP 36205.

2ª Alegación presentada polo Secretario da sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo, nº de documento de rexistro 240385982

Primeiro e único. Falta de cobertura orzamentaria no capítulo i para atender aos compromisos derivados do acordo da xunta de goberno local de data 16 de marzo de 2023.

Lexitimación para presentar a alegación

A lexitimación activa ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de Secretario da Sección Sindical de CCOO do Concello de Vigo

Contestación

En relación co anterior, o expediente 40934/220 contén o informe emitido polo funcionario que subscribe, no que se fai constar en sínteses o seguinte:

En turnicidade M/T/N ou M/T, segundo os postos e nº de prazas por postos: 188

Superintendente	Flexible L-D		1
ntendente principal	Flexible L-D		1
ntendente	Flexible L-D		1
nspector principal	Flexible L-D		4
nspec. Protecc.investigación		1	1
nspector protecc.cidadana		10	10
nspector unid. Seguridade	M/T, L-D		1
nspector atestados	M/T, L-D		1
nspector mobilidade	M/T, L-D		1
nspector proc. Interiores	Diurna L-V		1
Oficial EVAP		1	1
Oficial atestados		5	5
Oficial protecc. Ciudadana		15	15
Oficial mobilidade	M/T, L-D		5
Oficial de seguridade	M/T, L-D		4
Oficial proc. Interiores	Diurna L-V		4
Agente EVAP		5	5
Agente mobilidade		12	12
Agente prt. Ciudadana		114	114
Agente atestados		25	25
Agente un.epECIAL seguridade	M/T, L-D		50
Agente Mobilidade	M/T, L-D		91
Agente procesos interiores	M, de L-V		50
Total		188	403



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 7 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

En outros informes intermedios, facíase a valoración da evolución que tiña que ir asociada entre a plantilla efectiva e a turnicidade.

Prazas totais ocupadas no ano 2022= 300. Non están computadas Dúas, unha que está no Servizo de Transportes e outra en P. Civil.

As prazas asociadas ao posto de turnicidade (M/T/N), estaban a representar un 60,33% (181/300), sobre as prazas ocupadas.

As prazas cubertas representan o 74,99% do número total (302/403), incluído Transportes e P. Civil.

Na medida en que o número de prazas efectivas en relación coa plantilla mellore deberán facerse axustes anuais no número de prazas asociadas aos postos (M/T/N).

Por cada 5 puntos que aumente a cobertura efectiva da plantilla, o posto (M/T/N), aumentará o número de prazas na porcentaxe que representa no escenario actual, polo que, o número de prazas asociadas ao posto aumentaría. N° de prazas $(0,05 * 0,6033) * n^{\circ}$ de prazas de turnicidade. No ano no que se teñan cuberto todas as prazas, o número de prazas asociadas ao posto (M/T/N), serán 243, isto é, cando a plantilla este cuberta ao 100%.

Esta modificación de prazas asociadas ao posto (M/T/N) e aos que procede M/T, habería que facela anualmente coa aprobación da plantilla no expediente de aprobación do Orzamento/ano x.

En consecuencia, faríase compatible o escenario real co teórico, sin comprometer créditos futuros, asociando a evolución das prazas asociadas ao posto (M/T/N) e aos que procede M/T, coa evolución de plantilla efectiva cara o ideal, que é a cobertura da totalidade da plantilla.

A Alegación presentada, fai unha interpretación que non é a CORRECTA, xa que se pretende aplicar a porcentaxe do 60,33% sobre as OEP do ano 2023 e ano 2024, cando en realidade, o axuste hai que facelo sobre a variación efectiva, é dicir, sobre os efectivos reais do ano 2022 e os do ano 2024, non sobre as OEPs.

As OEPs, poden non garantir un aumento dos efectivos, co cal, si a interpretación fose a do alegante, poderíase estar a aumentar as prazas asociadas aos postos de turnicidade sen que realmente se producise un aumento dos recursos efectivos, de aí, que sempre se tivo en conta, a variación efectiva, xa que a plantilla, mantense invariable.

A fórmula a aplicar para facer o axuste nas prazas dos postos suxeitos a turnicidade M/T/N, é a seguinte:

Porcentaxe de ocupación= N° prazas ocupadas no ano 2024/ 403 (plantilla total)

Porcentaxe de Variación entre 2024 e 2022= $(\text{ocupadas 2024}-\text{ocupadas 2022})/\text{ocupadas 2022}$.

Aumento no número de prazas (M/T/N) = porcentaxe de variación*0,6033.

En número de prazas = porcentaxe de variación*0,6033*181.

Segundo a información que se dispón da Área de RRHH, a ocupación do ano 2024 é de:

Plantilla Policía: 333 prazas.

Ocupación en prácticas: 1

Ocupación transportes en P. Civil: 2

Vacantes reservadas que se computan como ocupadas: 4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 8 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Total: 340

Porcentaxe de ocupación total no ano 2022= $(302/403) = 74,99\%$, inclúese a de transportes e a de P.Civil

Porcentaxe de turnicidade sobre a ocupación efectiva = $179+2, Transporte e PC, (181/300) = 60,33\%$

Porcentaxe de ocupación no ano 2024= $340/403 = 0,8437 = 84,37\%$

Variación 2022-2024= $(340 -302)/302 \text{ ano } 2022 = 0,1258 = 12,58\%$

Aplicación da variación ás prazas de turnicidade= $0,1258*0,6033 = 0,07591 = 7,59\%$

Nº de prazas a aumentar de turnicidade = $0,0759*181 = 13,74 \approx 14$ prazas. $181+14= 195$ prazas postos M/T/N.

As dotacións previstas no Proxecto de Orzamentos para o ano 2025, reflicte 190 prazas de turnicidade 184 máis 6 de EVAP.

Para as non previstas, 195-190, suporía transformar prazas de postos non suxeitas a turnicidade por postos de turnicidade.

En resume, dentro das 403 prazas, hay 190 de turnicidade, e segundo o axuste que se debería ter feito en prazo e non se fixo por non terse tramitado o expediente, debería haber $181+14 = 195$ prazas.

A variación entre unha praza de turnicidade e outra sen ela, no caso máis extremo, posto de axente de policía procesos interiores, e o posto máis alto de turnicidade, axente de mobilidade e transportes, hai unha diferenza de 4.379,90 euros, que referenciado a CINCO prazas (diferencia entre 195-190), supón 21.899,5 euros.

O criterio seguido foi o explicitado nos informes intermedios do expediente. Ademais, tomáronse como ocupadas, as vacantes con reserva, cuestión que habería que matizar, xa que non é plantilla efectiva.

A información sobre o número de prazas dos postos M/T/N, foi o tido en conta na formación do proxecto orzamentario para o ano 2025 pola Área de RRHH e Formación.

A análise sempre haberá que facela coa información base:

Porcentaxe de ocupación total no ano 2022= $(302/403) = 74,99\%$, inclúese a de transportes e a de P.Civil

Porcentaxe de turnicidade sobre a ocupación efectiva = $179+2, Transporte e PC, (181/300) = 60,33\%$, aínda que aquí, hai que axustar o denominador a 302 en substitución de 300, co cal, a porcentaxe será do 59,93%.

Así mesmo, a Xefatura do Servizo, terá que avaliar cada ano, se resulta operativo ir aumentando de forma continuada as prazas de turnicidade cunha plantilla estable de 404 prazas. No ano 2003 (181), a porcentaxe entre turnicidade e plantilla total é do 44,8%, para o ano 2025 (195), a porcentaxe é do 48,27%, en caso contrario, pode chegar un ano que por operatividade e quendas dos prazas asociadas aos postos, que o número de prazas de turnicidade non sexa necesario aumentalo.

Por último, tamén é necesario ir adecuando en función da plantilla efectiva, que tivo un aumento do 12,58% no período 2022-2024, axustar as xornadas de dispoñibilidade, xa que estas teñen por finalidade dar cobertura en termos de xornada á desviación entre a plantilla nominal e a efectiva, que na medida en que a ocupación é maior, tense que reflectir unha menor necesidade de dispoñibilidade.

Tendo en conta que o Orzamento 2025 ten dotado TODAS as prazas, 403, e que as prazas efectivas no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 9 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

ano 2024, son o 84,37%, de manterse esta ratio de cobertura, hai dotación en 64 prazas, sen computar as vacantes reservadas (4) que non será executada, é dicir, hai recursos por unha contía de algo máis de 3,5 millóns de euros para afrontar o gasto de 21.899,5 euros.

En consecuencia, existindo recursos suficientes para facer fronte ao axuste entre as prazas asociadas a turnicidade e as restantes en relación coa variación da ocupación de plantilla entre o ano 2022 e ano 2024, que supón unha variación total do 11,26% que aplicado ás prazas de turnicidade supón o 6,679%, que en termos de prazas supón un aumento de 14 prazas de turnicidade dentro da plantilla de 404, ao estar xa dotadas 190 por axustes na formación do Orzamento, a diferenza para as CINCO prazas restantes, representan un custe máximo de 21.899,5 euros, que o programa 1320 no capítulo 1, dispón de recursos máis que suficientes para facer fronte a esta reclasificación de prazas, polo que, procedería, unha vez que estea aprobada a plantilla, a RPT deberá reflectir a modificacións nas prazas asociadas a cada un dos postos de M/T/N.

Procede rexeitar a alegación presentada polo Secretario da Sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo, xa que o Proxecto de Orzamento para o ano 2025, está a dar cumprimento aos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ao estar dotado o crédito suficiente para dar cumprimento as obrigas que se derivan da execución do capítulo 1 do programa Orzamentaria 1320.

3ª Alegación presentada pola Presidenta da Entidade sen ánimo de lucro SÁRDOMA VIGO, FC, nº de documento 240386415.

Solicita unha subvención de 60.000 euros

Lexitimación para presentar a alegación

A lexitimación activa ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de Presidenta dunha entidade sin ánimo de lucro, SÁRDOMA DE VIGO CF.

Contestación

Para dar contestación a esta alegación, solicitouse información ao Servizo de Deportes, que en síntese, é a seguinte:

O Sárdoma CF tivo até a tempada pasada (2023/2024) ao seu primeiro equipo nunha categoría que desde o Concello considérase de elite. Esta consideración tense pola suma de factores: a categoría, o ámbito das competicións, o volume total do orzamento, a relevancia da competición a nivel nacional, etc.

Esta tempada, o primeiro equipo descendeu de categoría, e agora participa na 3ª Federación, Grupo 1, que é a 4ª categoría do fútbol nacional, polo que o club deixou de pertencer ao grupo de entidades de elite na consideración do Concello.

A diferenza en xeral entre unha categoría e outra é moi relevante:

A tempada pasada o primeiro equipo competiu nunha liga cunha esixencia moi alta a nivel competitivo, con necesidades económicas altas para fichaxes, e esixencias federativas moi elevadas, con 5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 10 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

desprazamentos fóra da comunidade Galega, o que supuxo unha carga económica elevada.

Na tempada actual, o primeiro equipo compite na 4ª categoría do fútbol nacional. O seu orzamento é de 84.065 euros, polo que a subvención do Concello supón un 14,30% do seu orzamento.

O Coruxo CF, do mesmo xeito que o Sárdoma CF, compite na 4ª categoría do fútbol nacional, pero as esixencias para poder participar nunha competición como esta son moi diferentes, empezando polo orzamento necesario para poder competir. O Coruxo ten un orzamento para esta tempada de 1.347.000 euros, e unha subvención de 160.000 euros, o que supón un 11,88%, polo que en proporción, o Coruxo vese obrigado a conseguir máis recursos que o Sárdoma a nivel privado ou doutras administracións.

En resumo, a diferenza entre ambas entidades non ten nada que ver co factor de se é deporte masculino ou feminino, senón coa relevancia e a envergadura do proxecto.

O Sárdoma CF está nestes momentos nunha categoría similar ou idéntica a outros clubs da cidade, como o Xuvenil de Teis de Voleibol, a Unión Balonmán Lavadores, as Travesas Hockei club, o Club Balonmán 6 do nadal ou o Club Baloncesto Seis do nadal Feminino, a Reconquista, por citar só un exemplo, e todos eles obteñen na valoración da relevancia da convocatoria de subvencións unha puntuación similar. Ao ser valorado nunha convocatoria, a valoración faise en comparación co resto das case 200 entidades da cidade. Só como exemplo, o Sárdoma obtivo na relevancia unha puntuación igual a Salesianos, Rápido de Bouzas, Xuvenil de Teis, Flic Flac ou Unión Balonmán Lavadores, que contan en todos os casos, ou ben con equipos ou deportistas en competicións de rango idéntico ou superior, ou ben cun volume de licenzas que chega, nalgún dos casos, a cuadruplicar ao Sárdoma.

En resume, o SÁRDOMA DE VIGO CF, perdeu a categoría para a tempada 2024/2025, polo que deixou de ter a consideración de equipa de elite, polo que, non ten reflectido no Orzamento para o ano 2025, a subvención nominativa, ao igual que outros clubs que están na mesma condición.

As entidades para as que o Concello de Vigo dota unha subvención nominativa, por consideralas "de elite", son entidades que están nas dúas primeiras categorías de cada modalidade. Só hai unha excepción, o Coruxo FC, que o Concello considera que, pola relevancia do seu proxecto, require unha consideración diferenciada do resto de entidades. O proxecto do Coruxo FC ten un volume económico que non encaixaría en ningún dos casos nunha convocatoria de concorrencia, xa que excede nunha proporción extraordinaria, a proporción do resto de entidades.

En todo caso, o Orzamento para o ano 2025, reflicte na aplicación 3410.4890000, SUBVENCÍONS A CLUBS E ENTIDADES SIN FINES DE LUCRO, unha dotación de 1.100.000 euros, que será obxecto dunha convocatoria en concorrencia limitada segundo o baremo e criterios, previa solicitude por parte do SÁRDOMA DE VIGO CF, será obxecto dunha concesión de axuda, que segundo fai constar o responsable do Servizo de Deportes, representa un 14,15% do seu orzamento.

Non procede dotación dunha subvención nominativa tramitada mediante a sinatura dun convenio por non ser considerada equipa de elite nin asimilado tal e como se fai constar no informe e na xustificación do servizo de Deportes.

A alegación presentada, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responde a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, polo que, debe ser inadmitida



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 11 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

4ª. Alegación presentada (5 solicitudes) polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 2240387387.

A alegación consta dun documento que reflicte cinco solicitudes cuxa síntese se reflicte.

Alegación nº 1.- Aumentar a aplicación para o acondicionamento antigo ambulatorio Teis, Biblioteca en 600.000,00 euros, diminuíndo a contía da aplicación número 9121.2260200, anuncios, bandos e campañas institucionais, quedando esta aplicación cunha dotación de 725.000,00 euros.

Alegación nº 2.- A inclusión dunha nova aplicación de mellora do Parque da Riouxa por 500.000 euros, financiándose coa diminución da aplicación 4320.2279900, instalación e mantemento do alumado do nadal, quedando esta aplicación con 1.928.120,24 euros.

Alegación nº 3.- Aumentar a partida da piscina de Teis, investimento por incendio e mellora, 1ª anualidade en 2.405.213,71 euros, detraendo da aplicación 3260.2279917, Programa educativo aulas internacionais, quedando esta aplicación cunha dotación de 894.787 euros.

Alegación nº 4.- Incluír unha aplicación para a recuperación da piscina da ETEA con 600.000 euros, retraendo o crédito da aplicación 4320.2279902, promoción turística destino rutas aéreas, quedando esta aplicación con 25.000,00 euros.

Alegación nº 5.- Aumentar a aplicación da iluminación do Parque da Guía en 326.500 euros, retraendo o crédito da aplicación sen especificar, promoción e seguimento plan de medios, quedando esta aplicación con 23.500,00 euros.

Contestación

A lexitimación activa ven determinada pola súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de presidente da Asociación de Veciños de Teis.

En relación coas alegacións presentadas, ningunha está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha proposta de aplicación alternativa dos empregos orzamentarios (emenda, institución regulamentada para os grupos políticos con representación municipal), non dunha alegación.

Ademais do anterior, proponse o financiamento do incremento de gasto con aplicacións orzamentarias asociadas a contratos, polo que non poden ser reducibles, xeraría unha insuficiencia de recursos para atender obrigas contractuais, o cal, non resulta axustado a Dereito.

En todo caso, o proxecto de acondicionamento do antigo ambulatorio de Teis, en un gasto plurianual, cuxa execución tense que materializar en Dous anos, polo que, a contía dotada na aplicación 9330.6320000 por 900.000,00 euros, é suficiente para afrontar a execución correspondente ao ano 2025.

Este mesmo criterio é o aplicado á aplicación 3420.6320015, Piscina de Teis, que ten unha dotación para o ano 2025, de 600.000,00 euros, sendo esta contía a necesaria/suficiente para afrontar o gasto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 12 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

execución do proxecto da piscina para o ano 2025, sendo o plan plurianual de gasto, 550.000 euros no ano 2025, 5.800.000 euros no ano 2026 e 626.948,20 euros no ano 2027, polo tanto, contemplado o gasto de acordo ao proxecto de execución plurianual.

En xeral, todos os proxectos que teñen unha execución que afecta a varios exercicios orzamentarios, e obrigatorio o seu financiamento como un gasto plurianual, así o establece o artigo 174 do TRLRFL.

En canto a recuperación da piscina da ETEA, o Orzamento de deportes dispón de dotacións para investimentos de melloras deportivas por unha contía de 3.337.393,34 euros, que segundo a tramitación de redacción de proxectos e tramitación dos procedementos de contratación, podería ter en parte esta finalidade.

En canto ao Parque da Riouxá, o servizo de Parques e Xardíns, ten unha dotación xenérica, que si se desen as condicións de titularidade total dos terreos e a redacción do proxecto, poderíase iniciar o trámite administrativo de mellora deste parque.

No entanto, todo o financiamento que propón o alegante 4.431.713,71 euros, resulta ficticio, xa que este financiamento está asociado a contratos vixentes.

Os contratos afectados son: bandos e campañas institucionais (600.000 de euros), Instalacións e mantemento alumeadado nadal (500.000 euros), Programa educativo aulas internacionais (2.405.213,71 euros), promoción turística (600.000 euros), seguimento de medios (326.500 euros)..., limitación que a propia Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público regula aos efectos dos modificados dos contratos, e en varios casos, dado a súa contía e porcentaxe a modificar, estarían suxeitos a ditame do Consello Consultivo (artigo 191.3 da LCSP), así como, estar dentro das porcentaxes que fixa os artigos 203 e seguintes da Lei.

Non entanto, tendo en conta que as solicitudes contidas na alegación non se axustan a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) propón a inclusión de novas aplicacións de gasto ou aumento das existentes financiadas con baixas de outras aplicacións non susceptibles de reducir por estar asociadas a contratos formalizados, polo que, a alegación está desequilibrada xerando un desequilibrio orzamentario contrario ao previsto no artigo 168 do TRLRFL, iii) por propor a imputación de varias anualidades do proxecto a un so orzamento, en consecuencia, o Pleno debe acordar a súa inadmisión.

5ª Alegación presentada (13 solicitudes), pola Federación de Asociacións de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE), co número de rexistro do documento 240387379.

Contestación

A lexitimación activa ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de Asociación sen ánimo de lucro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 13 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

En canto aos supostos sobre os que se fundamenta a alegación, hai que informar que o artigo 170.2 do TRLRFL, limita a casuística a TRES Supostos:

- 1.- Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
- 2.- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
- 3.- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A solicitude non cuantifica as necesidades, facendo referencia ao aumento das seguintes aplicacións ou dotación de novas: 1510.7800000 e 1532.2100003 mellora da accesibilidade nos edificios e supresión de barreiras arquitectónicas, 1710.6190003, Recuperación de zonas verdes, 2310.2279901, prestación do servizo no Fogar, 2311.2260200 campaña contra a violencia de xénero, 3410.2260200, 3410.2260901 e 3420.6290000, relacionadas coa accesibilidade nas instalacións deportivas, 1710.6090010 sistema dunar de Samil, 1720.2270001, limpeza de servizos hixiénicos nas praias, 3380.6320000, melloras no auditorio de Castrelos, Mellora nos autobuses urbanos e recuperación do servizo PMR, Dotación ducha aplicación para a compensación de gastos dos produtos non contemplados no catálogo ortoprotésico...

Todas as solicitudes están relacionadas coas limitacións e necesidades das persoas con parálise cerebral.

En todas as aplicacións que se solicita unha mellora, hai que informar que os créditos das aplicacións funcionan en bolsa de vinculación xurídica, polo que, a contía da aplicación non representa a capacidade de gasto da que se dispón, senón que a capacidade está na bolsa de vinculación, que en algún dos casos, como a 1532, 21, ten máis de 5 millóns de crédito, o mesmo hai que dicir da Xardíns, tanto na 1710,21 como na 171,61.

En relación coa aplicación do SAF, xa foi incrementada no ano 2024 e 2025, como é sabido, esta prestación ten a súa regulación na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sendo o número de horas a prestar, as aprobadas pola Xunta de Galicia, tendo esta prestación un financiamento compartido, Estado, Xunta e Concellos.

Así mesmo, a alegación non está cuantificada, tampouco se fai referencia a como se financia o incremento solicitado

Sen prexuízo que as solicitudes poidan ser atendidas dentro das posibilidades económicas das bolsas de vinculación nas que se atopan os créditos, as solicitudes contidas na alegación non se axustan a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) non está cuantificada cada unha das solicitudes, iii) non propón un sistema de financiamento do maior gasto, en consecuencia, o Pleno debe acordar a súa inadmisión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 14 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

6ª Alegación presentada (5 solicitudes) pola Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 240387462

Contestación

A lexitimación activa estaría determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC. Neste caso, a lexitimación estaría na súa condición de presidenta da AV Eduardo Chao.

Propón aumentar a aplicación 2310.4800000 con 1.025.000 euros, con baixa nun contrato vixente, de bandos e campañas institucionais.

Aumentar a aplicación 9240.489000 en 138.000 euros, sen especificar como se financia.

Propón crear unha aplicación nova por unha contía de 4.879.200 euros, sen especificar o seu financiamento.

Propón crear unha nova aplicación por unha contía de 2.500.000 euros, sen especificar o seu financiamento.

Esta emenda reflicte en parte o contido da emenda 1ª, xa informada.

As solicitudes contidas na alegación non se axustan a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) non propón un sistema de financiamento do maior gasto, iii) nos casos en que se propón financiamento, este é ficticio, ao estar o proposto asociado a contratos en vigor, en consecuencia, o Pleno debe acordar a súa inadmisión.

Conclusiones

O proceso de formación-elaboración e aprobación do Orzamento someteuse ao procedemento regulamentado no TRLRFL.

En relación ás alegacións presentadas:

1ª polo Coordinador Local de Esquerda Unidad en Vigo, nº de documento de rexistro 240385576. Contén 19 baixas ou eliminacións e 18 aumentos ou de nova creación.

2ª Polo Secretario da sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo, nº de documento de rexistro 240385982.

3ª Pola Presidenta da Entidade sen ánimo de lucro SÁRDOMA VIGO, FC, nº de documento 240386415.

4ª Polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 240387387.

5ª Pola Federación de Asociacións de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE), co número de rexistro do documento 240387379.

6ª Pola Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 240387462.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 15 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Os fundamentos xurídicos da súa inadmisión ou rexeitamento, xa xustificados no informe, en síntese son:

- Non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase de alegacións solicitando novas aplicacións orzamentarias ou de aumento das existentes, ademais, sen financiamento, ao propor baixa de créditos asociados a contratos vixentes.
- Ser suficiente o crédito ás necesidades de aumento de prazas asociadas aos postos de turnicidade dentro da plantilla total da Policía Local, por ser unha transformación dun posto a outro.
- Por non ser un club de elite, polo tanto, non susceptible de convenio con subvención nominativa, aínda que si, as de concorrencia. A subvención nominativa en deportes tense pola suma dunha serie de factores: a categoría, o ámbito das competicións, o volume total do orzamento, a relevancia da competición a nivel nacional, etc, que non cumpre o SÁRDOMA VIGO FC.
- Nos casos de aumento de dotacións para gastos plurianuais, o artigo 174 do TRLRFL, e claro, a dotación responderá ás necesidades da anualidade, polo que, as dotacións existentes para a reforma do antigo ambulatorio de Teis para biblioteca, así como a dotación para a reforma da Piscina de Teis, son suficientes para a execución do proxecto prevista para o ano 2025.
- Por existir crédito nas bolsas de vinculación xurídica para facer fronte a mellora na accesibilidade para as persoas con parálise cerebral.
- Por xerar desequilibrios orzamentarios ao proporse o seu financiamento con cargo a baixas de aplicacións asociadas a contratos formalizados, non susceptibles de reducir, agás previa modificación contractual.
- Por non propor como se financia o incremento do gasto.

O común denominador de todas as alegacións e a de non estar nos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL, aínda que, ademais, cada unha presente outras causas de inadmisión.

No caso da alegación 1ª

Para o seu financiamento, propón rebaixar contratos en vigor por unha contía de 6.625.000 euros, nos que está o contrato de tratamento do lixo (3.000.000 de euros), programas educativos aulas internacionais (1.000.000 de euros), decoración do nadal (900.000 euros) , promoción turística (625.000 euros), bandos e campañas institucionais (1.000.000 de euros)..., limitación que a propia Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público regula aos efectos dos modificados dos contratos, e en varios casos, dado a súa contía e porcentaxe a modificar, estarían suxeitos a ditame do Consello Consultivo (artigo 191.3 da LCSP), así como, estar dentro das porcentaxes que fixa os artigos 203 e seguintes da Lei.

A alegación nº 2, O crédito é suficiente para atender ás necesidades de aumento de prazas asociadas aos postos de turnicidade dentro da plantilla total da Policía Local, por ser unha transformación dun posto a outro/s.

A alegación 3ª, O SÁRDOMA VIGO, a xustificación é que non é un club de elite, aínda que concorre a convocatoria das achegas en concorrencia competitiva con periodicidade anual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 16 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

A alegación 4º, propón un financiamento con cargo a baixas en aplicacións asociadas a contratos en vigor, ademais, de propoñer un gasto plurianual a un so orzamento, como é o caso da Piscina de Teis ou o Ambulatorio para Biblioteca.

A alegación nº 5, por ser xenérica, non cuantificada e ademais, por existir crédito para estas finalidades nas bolsas de vinculación xurídica das aplicacións reflectidas.

Na alegación nº 6, por ausencia de financiamento para as dúas solicitudes cuantitativamente máis importantes, 7.379.200 euros, e para o resto, a proposta o fai con cargo a contratos vixentes, está desequilibrada.

As alegacións presentadas 1ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª, ademais dos supostos de inadmisión reflectidos, non están nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, por imperativo legal, deben de ser inadmitidas.

En canto á alegación 2ª, estando nos supostos previstos no artigo 170.2, é rexeitada, xa que a suposta insuficiencia de crédito aledada, non ten fundamento técnico, existindo crédito suficiente para afrontar a pequena necesidade que supón a pasar 5 prazas de un postos que non é de M/T/N a outros que si o son.

Proposta

En canto á proposta, unha vez que se reflecta a inadmisión ou rexeitamento das alegacións presentadas, o contido será o mesmo que o aprobado polo Pleno en sesión do 14 de novembro 2024, que se corresponde coa aprobación inicial do Orzamento, non requirindo a incorporación de ningún informe adicional, coa excepción da nova proposta que formule o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

En canto á resolución das alegacións, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

As alegacións presentadas en prazo e forma, polos canles legalmente establecidos e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 11 de decembro, foron avaliadas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

Tendo en conta o anterior, formúlase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a Proposta que asina o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro - Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - (LUIS GARCIA ÁLVAREZ) 13/12/2024 11:51:17

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/12/2024 09:14	Páxina 17 de 17
90-142	CSV: A6A8CE-38C1D4-5F2759-RBFTPM-Z8KJMM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		